



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO DO 04.02.2026

No uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- CONVOCAR sesión **ordinaria** que realizará **O CONCELLO PLENO** na Casa Consistorial, o vindeiro **4 de febreiro de 2026 ás 20:00 h** en primeira convocatoria, e procederase en segunda de acordo co estipulado no artigo 90.2 do R.O.F.

Segundo.- Que pola Secretaria se cite a todos os concelleiros para a devandita sesión manifestándolles que a partir desta data teñen ao seu dispor na Secretaría municipal os antecedentes que figuran na Orde do Día inserido a continuación deste Decreto.

Terceiro.- Incluír na Orde do Día da devandita sesión o seguinte asunto:

ORDE DO DÍA

1. **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 27.11.2025 E DOS EXTRAORDINARIOS DE DATAS 19.06.2025 E 10.09.2025**
2. **ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE CEDEIRA. Nº EXPEDIENTE: 2025/C004/000002**
3. **RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 29/2026 DE DATA 20.01.2026 DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ADICIONAL 1/2026”**
4. **MOCIÓN DO BNG DE REXEITAMENTO Á MODIFICACIÓN DA LEI DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALIZA PROMOVIDA POLA XUNTA**
5. **MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA CENTRO DE SAÚDE NA RÚA RÍO DA VEIGA (MP2PXOU). EXPEDIENTE: 2023/U038/000002**
6. **RECOÑECIMENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/7. REX 01/2026. EXPEDIENTE: 2026/G006/000033**
7. **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA**
8. **MOCIÓNS DE URXENCIA**
9. **ROGOS E PREGUNTAS**

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.